




**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría do Barqueiro. Municipio: O Vicedo. Parroquias: Santo Estevo do Vicedo, San Román de Vale, San Miguel de Negradas. Extensión: 5,06 km<sup>2</sup>

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Trátase da típica enseada de debuxo rectangular controlada pola tectónica na súa apertura, con praia encaixada e cordón dunar pechando unha depresión que antigamente debeu albergar áreas hidromorfas. A disposición do relevo continental responde a ese control tectónico, pero tamén litolóxico, por contraste entre as rochas plutónicas e metamórficas gnéicas. Ábrese así un corredor deprimido oblicuo encaixado entre vertentes de pendente moderada.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Aparecen dous dominios litolóxicos. A banda central, sobre a que se desenvolve o complexo sedimentario e o centro do val, pertence ao dominio Olla de Sapo, substrato precámbrico, representado polos típicos neises na súa facies de megacrístais. As partes oriental e occidental están incluídas no dominio herciniano, representado, sobre todo, por un granito de dúas micas, aínda que con algúns pequenos enclaves internos de neis Olla de Sapo. No extremo sudoriental da unidade, na área de Congostras e Valdesuso, no val alto do Rego da Veiga, o dominio representao unha granodiorita tardía.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Complexo dunar e val do Rego da Veiga inclúense no dominio climático Cálido e Seco con temperaturas medias anuais superiores a 14°C e precipitacións no rango dos 800 mm aos 1000 mm. Tan só o cumio do Monte Faro modifica este esquema xa que recibe unha maior cantidade de precipitacións ao ano, podendo rexistrar medias de ata 1200 mm.

#### OS SOLOS

Arenosoles álbicos no complexo sedimentario. O val do Rego da Veiga está formado por solos fértiles do tipo cambisol. Nas vertentes laterais desenvólense solos menos evolucionados do tipo umbrisol dístrico e regosol nas cabeceiras.

#### AS AUGAS

Unidade que verte sobre a masa de Augas Costeiras 20169. A rede fluvial está formada polo Rego da Veiga e unha serie de pequenos vales tributarios que conflúen pola súa marxe dereita.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. A liña de costa da unidade está protexida polo LIC Costa da Mariña Occidental. A fronte da unidade defínese co complexo sedimentario e os acantilados anexos, polo que aos hábitats de praia e duna (grupo 21) engadiremos o 1230 de Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas. A amplitude continental da unidade fai que os hábitats de arboredo adquiren importancia. Aínda que asociado a un pequeno afluente do Rego da Veiga, existe un bosque de recolonización de case 5 ha, ao que hai que sumar outras de similares características na cabeceira do mesmo arroyo e formacións similares pero máis pequenas como as do Curro e A Igrexa. Ademais, unha importante formación ripícola (91E0) alóngase no Rego da Veiga entre Baltar e Randamil.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

A ocupación do solo está condicionada polo tipo de relevo existente. As vertentes das elevacións que pechan a unidade -Pena das Pías, Monte Faro e Monte Pedrón ao sur, Monte da Ventosa ao leste, e Vixía do Vicedo e Tramonte ao norte- están cubertas de masas forestais procedentes, na súa maior parte de labores de repoboación, sendo máis abundantes ao sur e sueste. Nestes cumios teñen a súa orixe os distintos afluentes que verten ao Arroio da Veiga e as respectivas depresións fluviais foron destinadas habitualmente ao cultivo, favorecidos pola fertilidade dos solos e a escasa pendente do terreo. Deste modo, é posible observar ata tres agras independentes que conflúen no tramo final do Arroio da Veiga. Como é habitual no modelo de organización tradicional, os asentamentos sitúanse entre o espazo de cultivo e as masas forestais, no contacto entre o val e a ladeira. Sinalar por último, a presenza dunha actividade extractiva ao aire libre ao leste da unidade.

#### MORFOLOXÍA

Predominan os asentamentos de orixe tradicional cos seus trazos característicos: localización á marxe dos espazos destinados á actividade agraria, agrupación de vivendas con límites ben definidos e tipoloxía de edificacións acorde ao modelo fundacional. Non obstante, hai dous factores que introducen variacións a este patrón: A Praia de Xilloi e a proximidade ao núcleo urbano do Vicedo máis ao oeste. A citada praia é un foco de atracción para a localización de edificacións de carácter espontáneo con uso residencial e/ou turístico, cuxa situación preme a fronte litoral cunha morfotipoloxía caracterizada por vivendas unifamiliares illadas ao redor das vías de comunicación existentes. Por outro lado, a proximidade do núcleo do Vicedo xera un alifamento de edificacións de diversos usos propios de ambientes periurbanos (residenciais, industriais, produtivos, etc.) nas estradas de acceso ao núcleo, LU-6405 e N-642.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

En xeral, as infraestruturas de transporte teñen unha estrutura lonxitudinal á costa, é dicir, teñen un trazado cunha orientación predominante de leste a oeste: A N-642 cruza a unidade pola súa zona central, cun trazado parello ao do ferrocarril de FEVE, e percíbese como comeza a aglutinar edificacións ao redor do seu eixe nas proximidades do núcleo do Vicedo. Partindo da citada nacional, no extremo oriental da unidade, a estrada LU-6405 posibilita a conexión dos asentamentos tradicionais máis próximos á costa e facilita o acceso á Praia de Xilloi para alcanzar finalmente o núcleo do Vicedo. Esta vía foi sobredimensionada no tramo final desta unidade (próximo ao Vicedo), o que parece estar a favorecer a instalación de naves industriais e de almacenaxe. Por último, sinalar que entre a N-642 e a LU-6405 parten outras estradas de menor importancia que conectan os núcleos do interior seguindo, moi posiblemente, o trazado dos camiños primitivos.


#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Tres son os depósitos arqueolóxicos catalogados que se localizan no interior da unidade, aínda que ningún deles conserva restos materiais visibles. Dous castros, un cuxa localización se situaría no asentamento de Suaigrexia próximo á Praia de Xilloi, e outro castro no interior das masas forestais do centro da unidade. Tamén se coñece a localización orixinal dun castelo (BIC) situado no promontorio existente fronte á Praia de Xilloi. Outros elementos de interese cultural son o conxunto relixioso de cruceiro, casa reitoral e igrexa parroquial de Santo Estevo na Igrexa, así como o conxunto arquitectónico de casas, pozo, alpendre e adega en Ruño, un dos asentamentos que mellor conserva os valores do modelo de tradicional. Na pequena aldea de Curro, no camiño que leva ao cemiterio, existe outro cruceiro coas imaxes de Cristo crucificado e a Virxe orante.

### O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Trátase dunha unidade territorial onde o modelo de organización tradicional se está a ver modificado por factores endóxenos e exóxenos. A fachada marítima vén definida pola Praia de Xilloi, un amplo areal con ámbito dunar onde desemboca o Arroio da Veiga, cuxa importancia como foco de atracción turística se aprecia na proliferación de novas edificacións que se apoian no trazado da estrada LU-6405. Doutro lado, o porto do Vicedo e a súa zona urbana, ao oeste desta unidade, son elementos que favorecen a presión antrópica, pois a súa influencia é perceptible no gran número de edificacións con novos usos ao redor dos eixes viarios que dende esta unidade permiten o acceso ao Vicedo. O interior desta unidade conserva en boa medida o modelo de organización primixenio caracterizado pola alternancia dos espazos de cultivo ben conservados e aínda en uso explotados pola poboación dos núcleos tradicionais por enriba dos cales se desenvolve o monte.

### DINÁMICA DA PAISAXE



### RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

## 3. AVALIACIÓN

### VALORACIÓN DA PAISAXE

Esta unidade presenta unha ampla extensión superficial, boa parte dela cuberta de arboredo interesante pola súa abundancia. Ademais, ligados ás masas forestais e próximos aos núcleos tradicionais, aínda persisten bosquetes de carballo de certa entidade e algunhas masas máis importantes de arboredo de recolonización. Por outro lado, o Arroio da Veiga presenta un bosque de ribeira ben conservado no seu tramo final que alcanza case ata a súa desembocadura na Praia de Xilloi. Este areal é o máximo expoñente ambiental da unidade. Trátase dun sistema praia-duna encaixado entre dous potentes relevos -Vixía do Vicedo ao leste e Monte do Atalaia ao oeste- que condicionan a desembocadura da rede hidrográfica neste mesmo punto, co que se engade outro valor ecolóxico ao ámbito do areal. Por iso a fronte costeira queda integrada por completo na ZEPA e ZEPVN da Costa da Mariña Occidental, segundo a Directiva Hábitat e Lei galega de espazos protexidos respectivamente. Á marxe dos valores naturais, hai que ter en conta as achegas derivadas da persistencia de asentamentos tradicionais na unidade, pois favorecen a conservación do parcelario de cultivo, masas forestais e patrimonio etnográfico, arquitectónico e relixioso que atesouran. Debido á topografía deprimida do conxunto da unidade, recoméndase a súa observación dende algún dos relevos que constitúen as unidades veciñas ou, máis doadamente, dende algún punto da estrada LU-6405 ao leste da unidade, nas proximidades de Vilasuso ou A Casanova.



#### 4. PLANIFICACIÓN

##### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

##### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

#### Lenda / Leyenda

##### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantís / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

##### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

##### Hidrografía / Hidrografía

##### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

##### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












##### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

##### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

##### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



